ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

Dª. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria **do 2 de outubro de 2026,** adoptou o seguinte acordo:

24.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REMODELACIÓN INTEGRAL DO CAMPO DE RUGBY NO CAMPUS DAS LAGOAS MARCOSENDE. Expte. 25805/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 30/09/2026 e o informe de fiscalización do 1/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/09/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- Con data 01.06.26, a Universidade de Vigo rexistrou unha solicitude ao obxecto de tramitar un convenio para a remodelación completa do campo de Rugby situado no Campus As Lagoas Marcosende, coa finalidade de incrementar a oferta de instalacións deportivas da cidade de Vigo, ampliando e diversificando a dispoñibilidade de infraestruturas deportivas e permitindo a acollida de competicións de ámbito autonómico e nacional na modalidade de Rugby.

2.- Con data 02.06.26, o segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. Javier Pardo Espiñeira (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024. BOP 134 de data 10.07.24) resolveu a autorización para o inicio do expediente conducente á materialización dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a remodelación integral do campo de Rugby ubicado no campus das Lagoas Marcosende,
Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administraciones Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependiente ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a promoción do deporte e as instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, así mesmo o artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recolle que o municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.

3.- A Universidade de Vigo, de acordo co art. 14.2 da Lei Orgánica do Sistema Universitario, no marco das funcións que lle son propias, fomentará a cooperación e colaboración, entre outros, con outros organismos e administracións públicas, mediante, entre outros instrumentos, a creación de alianzas estratéxicas e redes de colaboración.

4.- A actividade deportiva en Vigo ten unha transcendencia moi importante en relación á participación cidadana en todas as facetas do deporte. Asemade, entre os obxectivos do Concello de Vigo, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio e a consolidación dos proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

O obxectivo xeral destes proxectos responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social e da saúde, establecendo colaboracións na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva, contribuíndo a que os e as deportistas teñan condicións axeitadas para a consecución de logros deportivos ou optimizando os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar o compromiso co deporte da cidade de Vigo.

O Concello de Vigo considera necesario fomentar proxectos de inversión que teñan por obxecto a mellora ou o incremento do volume de instalacións deportivas nas que se desenvolven proxectos de gran interese para a cidade, mellorando e diversificando polo tanto a oferta deportiva.

A proposta trata de dar resposta a unha necesidade, xa que se entende que determinados proxectos de inversión de gran envergadura requiren a implicación e colaboración das administracións públicas, co fin de establecer sinerxías que permitan o desenvolvemento de proxectos de interese para a cidade.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

É por isto que a proposta ten por obxecto a remodelación completa do campo de Rugby ubicado no Campus As Lagoas Marcosende, coa finalidade de incrementar a oferta de instalacións deportivas da cidade de Vigo, e que permita, en primeiro lugar, aloxar as competicións de ámbito autonómico e nacional na modalidade de Rugby e desenvolver proxectos de deporte de base e, simultaneamente , incrementar a oferta e variedade de instalacións deportivas tanto para o estudantado vinculado á Universidade de Vigo como para a poboación de Vigo en xeral.

O Rugby é unha modalidade cun gran arraigo na cidade de Vigo, con máis de 300 deportistas na cidade e o desenvolvemento de diferentes competicións de grande interese para Vigo.

A cidade de Vigo conta cunha extensa rede de campos de fútbol municipais, que acolle diariamente a milleiros de deportistas, incluíndo os deportistas vinculados ó rugby. A pesar de contar con esta rede de infraestruturas, a modalidade de rugby, dado o seu volume de practicantes, require máis espazos para dar cabida a esta demanda tan extraordinaria e específica, que nos máis altos niveis require unhas condicións que na data actual teñen difícil encaixe nas instalacións existentes.

O uso da nova infraestrutura obxecto do presente convenio para o desenvolvemento do rugby, poderá compatibilizarse co seu uso no ámbito do deporte universitario, coordinando proxectos, sumando enerxías e creando o hábitat perfecto que permita o desenvolvemento de novas iniciativas.
En relación co proxecto encamiñado ó fomento e promoción do deporte a través da colaboración coa Universidade de Vigo para a remodelación integral do campo de Rugby no campus das Lagoas Marcosende, en Vigo, os orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 consignan, na partida orzamentaria 3420.7800010 “Subvención mellora de instalación deportiva U. Vigo 1ª Fase”, un crédito por un importe total de 200.000,00€ (Dous centos mil euros), que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento da inversión na mellora do Campo de Rugby ubicado no Campus Lagoas Marcosende cuxa titularidade corresponde á Universidade de Vigo.

O Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do período 2024-2026 non contempla a subvención proposta, aínda que esta non afecta en ningún caso ó seu cumprimento. Non obstante, o PES do período 2027-2029, que substituirá ó vixente PES 2024-2026 a partires do 01.01.27, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data 28.08.26 para o período 2027-2029, inclúe a liña 1.2.4, a proposta de incorporación dun importe de 300.000,00€ coa identificación “Universidade de Vigo (2027”.
A proposta, segundo establece no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, está motivada pola oportunidade que supón a actuación para o interese xeral para a cidade de Vigo, xa que o seu desenvolvemento é moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O Concello de Vigo leva anos traballando na construción dunha identidade vinculada ao deporte como sinal de modernidade, vitalidade e calidade de vida. A dotación dunha infraestrutura de rugby de primeiro nivel non é unha actuación illada, senón que se suma ao ecosistema de instalacións de referencia que permiten a Vigo competir con outras capitais deportivas do Estado. Este proxecto reforza o relato de cidade que aposta por disciplinas diversas, máis alá do fútbol ou o baloncesto, posicionando a Vigo como unha cidade polideportiva e inclusiva, o que incrementa o seu atractivo para a captación de grandes competicións deportivas.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

O campus universitario, tradicionalmente percibido como un espazo reservado á comunidade académica, abrirase efectivamente á veciñanza de Vigo a través deste campo renovado. A posibilidade de que clubs locais, escolas deportivas, centros educativos, asociacións de barrio e colectivos veciñais utilicen as instalacións en horarios compatibles cos adestramentos universitarios converte o campus nun equipamento público de proximidade, integrado na trama urbana e accesible en transporte público. Esta permeabilidade física e social reforza os lazos entre a Universidade e a cidade, eliminando fendas e construíndo un espazo de convivencia interxeracional, e alcanzando potencialmente a un volume de deportistas da cidade de Vigo que pode superar os 500 mensuais, o que se constitúe nun interese xeral municipal por si mesmo.

A capacidade de albergar competicións retransmitidas por medios de comunicación xera, ademais, visibilidade mediática, o que converte o campo nun soporte publicitario de alto valor para a iniciativa privada. O Concello, ao realizar este investimento público, actúa como efecto arrastre, favorecendo a coparticipación privada en futuras edicións de torneos, o que alivia a carga financeira municipal a longo prazo e dinamiza o mercado de servizos deportivos locais.

Por outra banda, a actuación traducirase nun aforro en custos ordinarios vinculados co mantemento, consumos enerxéticos e os recursos humanos destinados á xestión da instalación, xa que será a propia Universidade de Vigo a que manteña e xestione a mesma, mellorando a eficiencia no destino dos recursos municipais.

En relación cos obxectivos do Concello de Vigo vinculados ó fomento do deporte, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, garantir unha oferta deportiva completa e de calidade, impulsar a construción de novas infraestruturas e apoiar proxectos deportivos.

O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo comparten o interese no desenvolvemento e dinamización de políticas, plans e actuacións orientadas a facilitar que os e as cidadanas poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

6.- No exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

6.- O Concello de Vigo pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

Investimento
–Proxecto de remodelación integral do campo de Rugby no campus das Lagoas Marcosende, en Vigo.

7.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

Investimento	
Obxecto da actuación:	
–Proxecto de remodelación integral do campo de Rugby no campus das Lagoas Marcosende, en Vigo.	
Alcance económico da actuación: 624.818,69€	
2026-1ª Fase:	**250,000.00 €**
2027-2ª Fase:	**374,818.69 €**

8.- En data 24.01.26 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, servizos e deportes resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación, de ser o caso, por parte do Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto proposto neste expediente.

9.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo iniciou a tramitación da proposta de convenio, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do interese de Colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución do proxecto que no propio convenio se sinala, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Universidade de Vigo para o financiamento dos investimentos vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) econtemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.
O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administraciones Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

dereito privado para un fin común.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo. En relación a este ámbito competencial a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, no seu art. 9 dispón que as competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia se exercerán baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral.

Da mesma forma, o art. 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, establece, entre outras a competencia para promover calquera actuación que redunde no beneficio do desenvolvemento deportivo locale contribúa aos fins u obxectivos da propia Lei.

O convenio proposto constitúe un acordo conforme o disposto no artigo 47.2.) da LRXSP en tanto que a Universidade de Vigo e o Concello de Vigo son entidades que integran a Administración Pública e ten por obxecto colaborar na execución dun fin común que se concreta na remodelación integral do campo de Rugby no Campus das Lagoas Marcosende, na cidade de Vigo, cun orzamento previsto de 624. 818,69 €.

Concretamente o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe aos municipios competencias propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Respecto á Universidade de Vigo, o artigo 3.2.q da Lei 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, determina a autonomía da Universidade para o establecemento de relacións con outras universidades, institucións, organismos, corporacións de dereito público, Administracións públicas e entidades locais, nacionais e internacionais, co obxecto de desenvolver algunhas das funcións que lle son propias.

O convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

O convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

De conformidade con artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción da seguinte, **PROPOSTA:**

Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a remodelación integral do campo de Rugby no Campus As Lagoas Marcosende, en Vigo, transcrito como Anexo da proposta.

Segundo.- Aprobar e dispoñer o gasto por importe de 500.000,00 €, en concepto do estipulado no Convenio, a favor da Universidade de Vigo, con cargo á aplicación orzamentaria 3420.7800010 "Subvención mellora de instalacións deportivas Uvigo" segundo as seguintes fases:

- Fase 1ª: Anualidade 2026: 200.000,00€
- Fase 2ª: Anualidade 2027: 300.000,00€

A achega do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2027 quedará subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que autoricen os orzamentos municipais, tal e como establece o art. 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Terceiro.- Dar conta á Universidade de Vigo da aprobación do convenio que se anexa para o desenvolvemento da remodelación integral do campo de Rugby no Campus As Lagoas Marcosende, en Vigo, e proceder á súa formalización no correspondente documento administrativo.

Cuarto.- Ordenar a publicación do Convenio, de acordo co artigo 8.1.b da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REMODELACIÓN INTEGRAL DO CAMPO DE RUGBY NO CAMPUS DAS LAGOAS MARCOSENDE, NA CIDADE DE VIGO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, F. Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes e do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), por Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024, (BOP nº134 de 10.07.24).

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

Doutra parte, Carmen García Mateo actuando en calidade de Reitora da UNIVERSIDADE DE VIGO, con CIF Q8650002B, en virtude de Decreto 110/2022, do 9 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicado no DOG nº 117 do 20 de xuño de 2022, con sede en Vigo, 36310 Campus Universitario de Vigo, no seu nome e representación.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é o fomento e dinamización co deporte en calquera das súas manifestacións.

O Concello de Vigo ten, entre os seus obxectivos, a promoción de proxectos deportivos que contribúan á consolidación da actividade deportiva, potenciar o desenvolvemento de competicións de alto nivel, favorecer a consolidación de Vigo como cidade acolledora de grandes eventos deportivos, potenciar sinerxías no ámbito social, promovendo a marca "Vigo" como cidade do deporte atraendo proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación co deporte, impulsando unha oferta deportiva de calidade, dinamizando propostas de interese para a cidadanía e, en xeral, promovendo a práctica deportiva en calquera das súas manifestacións.

O desenvolvemento destas cuestións de fomento do deporte veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de deporte polas que a Concellería de deportes asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas coma a UNIVERSIDADE DE VIGO no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do deporte entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a consolidación de competicións de alto nivel, sempre acompañadas do desenvolvemento de actuacións dirixidas ao deporte de formación e, neste caso, o Universitario e a súa relación directa coa saúde.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do deporte, como prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...). A este respecto, compre subliñar que a participación no fomento do deporte e das instalacións deportivas, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e sendo de especial relevancia o

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

desenvolvemento da dimensión local da política deportiva, segundo se indica no artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

E, de conformidade co anterior

MANIFESTAN

I.- A UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que desfruta de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propio, correspondéndolle a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

De acordo co establecido nos seus Estatutos, son fins da Universidade de Vigo:

1. Crear, desenvolver, criticar e transmitir o saber mediante unha docencia e unha investigación de calidade e de excelencia.
2. Ofrecer unha educación superior de calidade que contribúa á formación integral do seu alumnado.
3. Formar para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos, técnicas e métodos científicos ou para a creación artística, de cara á inserción do estudantado no mundo laboral.
4. Contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, a súa cultura e a súa lingua.
5. Transmitir os valores superiores de convivencia, igualdade, o apoio permanente ás necesidades especiais das persoas e o fomento do diálogo, da paz e do respecto á diversidade.
6. Contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na que se respecte a igualdade entre mulleres e homes.
7. Proxectar nos ámbitos nacional e internacional a súa actividade establecendo relacións con outras universidades e institucións.
8. Facilitar a formación continua e a formación permanente ao longo de toda a vida das e dos profesionais e doutros colectivos sociais que demanden ensinanza superior.
9. Promover e conservar o seu patrimonio histórico e o seu entorno cultural, urbanístico e ambiental, como expresión do seu vínculo coa sociedade.
10. Fomentar o desenvolvemento sostible, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado.
11. Configurar unha organización baseada na participación e na responsabilidade dos seus membros respecto do servizo público que debe prestar, orientada cara a cultura da calidade, do desenvolvemento persoal, da avaliación e da rendición de contas.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

II.- A Concellería de Deportes desenvolve unha activa política de xestión, construción e mellora do parque de instalacións deportivas municipais, correspondéndolle ó segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de goberno de Fomento, Servizos de deporte, entre outras, as competencias municipais en materia de xestión de instalacións deportivas municipais.
A finalidade da colaboración é a de reforzar a capacidade e oferta de instalacións deportivas da cidade de Vigo.
III. En atención á competencia municipal referida e logo da solicitude achegada pola UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), en data 01.01.26 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc.260136169), o segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de goberno de Fomento, Servizos de deporte, asinou en data 02.02.26 a orde para que por parte da unidade administrativa do Servizo de deportes, se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o CONCELLO DE VIGO e a UNIVERSIDADE DE VIGO para contribuír ao financiamento do proxecto de remodelación integral do campo de Rugby no Campus As Lagoas Marcosende.

IV.- Segundo reflicte o proxecto remitido pola UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B) en data 01.06.26 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo, o obxectivo que persigue o proxecto é mellorar a capacidade e oferta deportiva da cidade de Vigo, impulsando a participación no ámbito do deporte tanto da cidadanía en xeral como da poboación universitaria en concreto.
Sinala na memoria que o estado actual do campo de rugby existente impide unha práctica segura e eficiente dado o seu estado de deterioro, e a estas cuestións hai que engadir que a instalación non cumpriría coas esixencias federativas en relación á celebración de competicións de alto nivel.
Da mesma forma, a evolución do deporte, e do rugby de alto nivel en concreto, demandan determinados requirimentos técnicos que as condicións actuais da instalación non cumpren, e que esixen, polo tanto, unha actuación integral que permita unha adecuación da instalación actual ós requirimentos federativos, tendo en conta que na instalación obxecto do convenio se desenvolve a actividade da única entidade da cidade cun proxecto deportivo de alto nivel.

Polo exposto, a Universidade de Vigo solicita o apoio do Concello de Vigo mediante a tramitación dun convenio, o outorgamento dunha axuda para contribuír ao financiamento dos gastos de execución das actuacións necesarias para a remodelación integral do campo de Rugby que permita unha práctica segura e adaptada ós requirimentos federativos actuais.
V.- Que o custo total do proxecto de remodelación integral do campo de Rugby no Campus da Universidade de Vigo As Lagoas Marcosende ascende a 624.818,69€, que xustifica a tramitación deste convenio

VI.- Que a UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), non esta incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.
VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

PACTOS

PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de remodelación integral do campo de Rugby existente no campus As Lagoas Marcosende, na cidade de Vigo.

SEGUNDA. IMPORTE E FINANCIAMENTO

O orzamento total do proxecto de remodelación integral do campo de Rugby ascende a 624. 818,69 €.

A Universidade de Vigo comprométese a achegar 124.818,69€:

Universidade de Vigo		
Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria
2026	1ª Fase: 50.000,00 €	2026 00EP 311V 622
2027	2ª Fase: 74.818,69 €	2027 00EP 311V 622

O Concello de Vigo comprométese a achegar 500.00,00€ en dúas anualidades co seguinte desglose:

Concello de Vigo		
Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria
2026	1ª Fase: 200.000,00 €	3420.7800010
2027	2ª Fase: 300.000,00 €	3420.7800010

As achegas comprometidas por ambas administracións consisten nunhas contías fixas máximas, e no caso de que o proxecto executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do mesmo, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

A achega do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2027 estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos, e quedará subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que autoricen os orzamentos municipais, tal e como establece o art. 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A liña de subvencións se atopa incluída no novo Plan Estratéxico de Subvencións 2027-2029 (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data 28.08.26, que substituirá ó vixente PES 2024-2026 a partires do 01.01.27.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

TERCEIRA. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar co seguinte desglose:

Universidade de Vigo	2026:1ª Fase	50,000.00 €
	2027: 2ª Fase	74,818.69 €
Concello de Vigo	2026:1ª Fase	200,000.00 €
	2027: 2ª Fase	300,000.00 €
	Total	**624,818.69 €**

2º. A Universidade de Vigo remitirá unha copia do Contrato de execución da actuación ó Concello de Vigo, e comunicará a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación municipal.

3º. O Concello de Vigo poderá facer un seguimento das actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTA. COMPROMISOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Como contraprestación , a Universidade de Vigo comprométese a:

- Levar a cabo a remodelación integral do campo de Rugby no campus As Lagoas Marcosende, na cidade de Vigo, segundo a memoria presentada.
- Realizar os mantementos e reparacións necesarias da instalación e os seus equipamentos durante a vida útil da mesma e que permitan un uso seguro e eficiente.
- Atender as necesidades de programación de adestramentos e competicións dos equipos de Rugby da cidade de Vigo, priorizando as necesidades relacionadas coas competicións do ámbito federado , sobre todo, as de alto nivel, e compatibilizándoas coas necesidades do ámbito do deporte universitario.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dirixir, executar e controlar o cumprimento dos termos do convenio.
- Remitir, unha vez formalizado, unha copia do contrato de proxecto e outra documentación relacionada co desenvolvemento da execución da actuación.
- Xustificar ante o Concello a execución do proxecto mediante a presentación das correspondentes facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente da Universidade.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

- Presentar a documentación xustificativa no prazo determinado no convenio.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelaría elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m que inclúa a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar ó Concello de Vigo de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Municipal, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Ao tratarse dunha mellora integral dun ben inmoble inventariable, inscribible no Rexistro da propiedade, deberá facer constar na escritura, obrigatoriamente, o destino dos bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante a cal a beneficiaria debe destinar os bens a dito fin, que como mínimo será de cinco anos.

Así mesmo, a Universidade de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na normativa reguladora en materia de subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da LSG, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Achegar a contía derivada do presente convenio, en cada unha das anualidades previstas, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada na parte proporcional do financiamento á Universidade de Vigo mediante transferencia bancaria contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria.

  O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 3420.7800010 dos orzamentos. A achega correspondente a 2027 estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento municipal (A liña de de subvención se atopa incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES 2027-2029), aprobado con data 28.08.26, que substituirá ó vixente a partires do 01.01.27.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ÁLCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

O pagamento das diferentes prestacións obxecto do convenio realizarase de acordo co establecido na cláusula terceira ("Execución do Convenio").

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da LRXSP.

SEXTA. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluirase a imaxe corporativa que a este fin facilite o Concello de Vigo.

As accións de promoción a desenvolver no marco do obxecto do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada polo Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º d) do citado Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza do proxecto subvencionado, de acordo co orzamento de custos do mesmo, achegado pola Universidade de Vigo.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

NOVENA. COMPROBACIÓN DO CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

Atendendo ó establecido no art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.
A tal efecto, os inspectores/arquitectos municipais xirarán visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre a realización da actuación subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión.

DÉCIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Universidade de Vigo, con cargo á partida 3420.7800010, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- Pago da primeira anualidade: O abono do importe correspondente á anualidade do ano 2026 (1ª Fase), será tramitado mediante transferencia bancaria, a solicitude da Universidade de Vigo, que deberá presentar unha conta xustificativa.
  A conta incluirá as facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- O importe correspondente á anualidade do ano 2027 (2ª Fase), será abonado á Universidade de Vigo, tras a axeitada xustificación por parte desta, con data límite 15.12.27, do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga .

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50
Documento asinado

suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.
A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.

A conta xustificativa conterá a seguinte documentación e información:

- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Nomeamento do/a director/a de obra e coordinador de seguridade e sáude se fora preceptivo polo tipo de actuación.
- Nomeamento do/a director/a técnico da obra se fora preceptivo polo tipo de actuación.
- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Certificados de obras subscritos polo director da obra/actuación e contratista. Xunto co certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados por un importe igual ou superior ó importe previsto para a execución do proxecto.
- Factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados por un importe igual ou superior ó importe previsto para a execución do proxecto. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- No caso de tratarse de actuacións subvencionables que superen a contía de establecida no apartado 1 do art. 118 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, o solicitante deberá achegar como mínimo (no momento da xustificación), tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención.

- Proba gráfica final da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A documentación da conta xustificativa conformada incluirá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:
- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ó proxecto subvencionado.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos acreditativos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actuación pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución das actuacións a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.

Calquera actuación e/ou cuestión tratadas pola comisión serán trasladadas a un acta, que será asinada polos membros desta.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 15.12.2027, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 15.12.2027.

DÉCIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en algunha das seguintes causas de resolución:

1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º. O acordo unánime dos asinantes.

3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º. Polo incumprimento do contrato por parte da empresa adxudicataria.

DÉCIMO CUARTA. REINTEGROS

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO QUINTA. INFRACIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DÉCIMO SEXTA. DATOS PERSOAIS

A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

ASINADO POR: SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL - (PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ) 02/10/2026 12:46:00 | CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 02/10/2026 13:50:27 | ALCALDE - (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ) 02/10/2026 21:44:50

Documento asinado

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.
Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMA SÉTIMA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel; pola LRXSP; a LXS e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a LSG; os preceptos non básicos da LXS e do RD 887/2006; as Bases de execución dos orzamentos do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

PSD/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.